



itinerario forestal pola Serra da Capelada

Localización Xeográfica do Itinerario

O Itinerario discorre pola *Serra da Capelada*, no Concello de Cedeira por montes públicos xestionados pola Consellería de Medio Rural.

¿Qué ten de diferente?

A diferenza radica en que se atopa nun espazo que combina unha boa **xestión forestal sustentábel** non limitada a un carácter produtor, cunha área de protección ambiental incluída no **LIC Costa Ártabra**.




A estes recursos silvícolas e ambientais engádense os **recursos patrimoniais** en forma de curros, miradores, ermitas e o emblemático Camiño tradicional de San Andrés de Teixido.

Recursos silvícolas

Os Montes da Capelada xestionados pola Consellería de Medio Rural están dotados dun **Plan de Ordenación** realizado en base a criterios de xestión forestal sostible e suxeitos os produtos madeiros ao **Sistema de Certificación Forestal e Cadea de Custodia**.

O primeiro paso para levar a cabo a Ordenación Forestal é o inventario da masa (**masa forestal** = agrupación de vexetais en espesura que ocupan unha gran extensión).





A continuación plásmase este inventario na cartografía do monte, zonificando en grandes áreas chamadas **cuarteis**, que reúnen unhas características dasométricas homoxéneas como poden ser mesma idade dominante, mesma especie...

Cada cuartel terá un **uso principal**, que neste caso pode ser produtor, de protección e uso social ou silvopastoral.

Estes cuarteis divídense en **cantóns** ou porcións de territorio de entre 10 e 30 ha aproximadamente cuns límites que coinciden

con accidentes do terreo (ríos, camiños, cortalumes, etc)

Dentro dos cantóns poden definirse **rodais** ou áreas de máis de 2 ha nas que o arborado é diferente do que ocupa o resto do cantón.

O seguinte paso será establecer, para o caso dun aproveitamento produtor de madeira, o **turno de corta**, en outras palabras, tempo que tarda unha especie en acadar un tamaño e idade tal que a cantidade de madeira que se obtén de ela é óptima.

¿En qué consiste o Sistema de Xestión Forestal Sostible e a Certificación Forestal?

A Certificación Forestal significa SOSTIBILIDADE

O fin da certificación forestal é garantir que os montes se xestionen de modo sostible, é dicir, mantendo a biodiversidade, produtividade e vitalidade do monte, atendendo ás funcións medioambientais, económicas e sociais, e sen danar outros ecosistemas.

¿Cómo xurde a Certificación Forestal?

A certificación xurde da necesidade de ter un sistema de certificación forestal adaptado á realidade forestal, social e ambiental europea, acorde cos criterios e indicadores de xestión forestal sostible aprobados polos gobernos.

É un proceso que da lugar a unha declaración escrita (certificado) que acredita a orixe da madeira sin elaborar e a súa situación, e/ou características, previa validación por un terceiro independente.

O obxecto da certificación é que os que a adoptan poidan contrastar as prácticas de ordenación forestal coas normas estipuladas e demostrar o seu cumprimento.

A certificación pode servir tamén para validar aos produtores que apliquen prácticas respetuosas co medio ambiente



ou para proporcionar datos contrastados sobre os produtos madeiros e o bosque dos que proceden.

Elementos da certificación da madeira

Certificación da sostiabilidade da ordenación forestal	Certificación dos produtos - Certificación da cadea de custodia
Abarca o inventario forestal, a planificación da ordenación, a silvicultura, o aproveitamento, a construción de estradas e outras actividades conexas, así como as repercusións ecolóxicas, económicas e sociais das actividades forestais.	Abarca o seguemento da madeira en rolo e dos produtos madeiros elaborados a traveso das diferentes fases do proceso (astillas, corcho, resina, cortizas, etc). Constitúe a etapa posterior á Certificación da Xestión Forestal Sostible e é un procedemento necesario para coñecer a orixe do produto que estamos comprando.

Vantaxes e beneficios da certificación forestal

- Promove a conservación e mellora das masas forestais.
- Mellora a competitividade e aporta un valor engadido aos produtos, dotándoos de garantías mediambientais.
- Coa agrupación, facilítase a ordenación e abarátanse os custes de implantación da xestión forestal sostible.
- Establece niveis de calidade e seguridade dos produtos e servizos certificados.
- Os montes, ademais de producir madeira, producen pastos, resinas, corcho, leña; todos estes produtos tradúcense en beneficios para as persoas, xeración de emprego e, en definitiva, benestar social.
- O coidado do entorno permite o desenvolvemento das poboacións rurais, así como novos xeitos de ocio relacionados co disfrute da natureza.
- Garante aos consumidores a procedencia dos produtos de masas xestionadas de forma sostible.

PEFC

En 1998 xurde PEFC como unha iniciativa voluntaria do sector privado forestal, baseada en criterios e indicadores emanados das Conferencias interministeriais de Helsinki (1993) e Lisboa (1998) para a protección dos bosques de Europa.

PEFC ofrece un marco para o establecemento de sistemas de certificación nacionais comparábeis e o seu mutuo recoñecemento pan-europeo.



Criterios pan-europeos

1. Mantemento e desenvolvemento dos recursos forestais e da súa contribución aos ciclos globais do carbono.
2. Mantemento da vitalidade e saúde das plantacións forestais.
3. Mantemento e revalorización das funcións produtivas dos bosques.
4. Mantemento, conservación e desenvolvemento da diversidade biolóxica.
5. Mantemento e desenvolvemento axeitado das funcións de protección no sector forestal.
6. Mantemento das demais funcións e condicións socioeconómicas que brinda o bosque ao conxunto da sociedade.

A certificación é **voluntaria**, aínda que a Administración considera requisito puntuable as series ISO 9000 e ISO 14000 nas súas contratas (ligadas a sistemas de xestión sometidas a métodos de auditorías e á calidade dos procesos de producións respectivamente).

FSC

Nun escaerío de boicot ao comercio de produtos forestais tropicais e retomando a política de desenvolvemento sostible da Cume de Río xurde en 1993 a iniciativa FSC (Forest Stewardship Council ou Consello de Administración Forestal) en Toronto (Canadá) cos obxectivos de:

- Crear un selo único que puidese garantir a credibilidade da certificación a traveso duns estándares de aplicación global.
- Acreditar ás entidades encargadas de certificar os bosques.

A FSC define niveis mínimos de boa xestión para os bosques de todo o mundo.



Semellanzas e diferenzas substanciais entre PEFC e FSC

- Tanto a Acreditación de Organismos de Certificación como a Certificación son levadas a cabo por terceiras partes independentes.
- Están basados en criterios e indicadores acordados no proceso paneuropeo polos diferentes gobernos e o seu desenvolvemento está ideado para adaptarse á realidade social, económica e ambiental dos bosques europeos.
- As normas que se deben cumprir para a certificación PEFC en España desenvólense segundo a lexislación vixente na única entidade de normalización existente en España e o resultado é a serie de normas UNE de xestión forestal sostible.
- Na cadea de custodia é posible a certificación baseada en porcentaxes ademais de por separación física, de xeito que as porcentaxes mínimas para PEFC son dun 70%, fronte a porcentaxes inferiores establecidos por FSC que varían en función do produto.

¿Cómo afecta este sistema a estes montes da Serra da Capelada?

A primeira consecuencia é a delimitación dos cuarteis en base a tres criterios:

CRITERIO	1. PRODUTOR	2. PROTECCIÓN E USO SOCIAL	3. SILVOPASTORAL
USO PRINCIPAL	Producción sostible de madeira	Protección biolóxica de solo, dos ecosistemas e fomento do uso recreativo e social	Gandeiro

Unha segunda consecuencia é a aplicación de tratamentos selvícolas que garantan a consecución dos obxectivos do plan.

Conceptos silvícolas relacionados

Bosque é a formación vexetal onde un estrato arbóreo domina sobre outros estratos arbustivos, herbáceos e/ou lianoides, que constitúen o chamado sotobosque.

Defínese **rodal** como a unidade elemental e parte dun bosque, suficientemente homoxénea para que un tratamento silvícola se poda realizar.

En **rodais plantados** (en ringleiras e a espaciamentos predeterminados) inicialmente cada planta ten espazo suficiente para crecer libremente.

Co tempo, as copas se ensanchan e as árbores deben competir cos veciños pola luz, nutrientes e humidade; esta competencia é máis forte ano tras ano.

Cortas de mellora: Clareos e Claras

Os **clareos ou rareos** consisten na extracción dos pes sobran-tes da masa principal.

Nun principio actúase cortando os pes mal conformados e do- minados, tratando de favorecer os pes que van perdurar de xeito que non se malgasten nutrientes e auga.

Os pes extraídos non teñen ningún aproveitamento co- mercial.

As Claras son das operacións máis importantes e deli- cadas na xestión forestal.

Consisten na redución do número de árbores por hectá- rea, a traveso da corta, a medida que estos crecen.

Beneficios das claras

Os beneficios das claras teñen unha dobre vertente, **silvícola e económica**:

1. Recoléctase antes da corta final (hai rentas intermedias).
2. As árbores son seleccionadas, promocionando as árbores boas.
3. O tronco engrosa antes ao quedar máis distanciados.
4. A madeira conseguida é máis homoxénea.
5. Adiántase o momento da corta final.
6. Mellora a estabilidade ecolóxica da masa ao conseguirse árbores con copa máis equilibrada e máis resistentes. As plantacións pechadas son fráxiles e máis sensibles ás pragas e enfermidades.

Outras vantaxes que se consiguen son: incremental a produción de pastos, mellora- lo valor estético ou recreativo da masa, proporcionar un mellor hábitat á fauna silvestre e aumentar a estabilidade da masa fronte ao lume.

Época de comezo das claras

Un indicador sinxelo é a **relazón entre a lonxi- tude da copa e a altura total da árbore**. Esta relación debe ser arredor de **1/3** ou inferior.

Despois da clara designaranse as **árbores de porvir**, entre os 200-300 pés mellores da masa que permanecerán ata a corta final.


Tipo de corta: Corta a feito

Son cortas continuas que dan lugar a masas regu- lares e consisten na extracción total das árbores, em- pregándose normalmente en masas monoespecíficas como é a situación actual.

Cortas a feito nun tempo: Cando se extrae dunha sóa vez tódalas árbores do rodal.



Fustal de piñeiro silvestre sen clara



Indicador nunha clara

Cortas a feito en dous tempos: Déixase unha reserva de árbores pai trala primeira corta ou corta principal, que poden quedar diseminados ou en grupos.

Corta a feito por faixas: Cando as unidades de corta son longas e estreitas.

Limitacións das cortas a feito

- Aplicación limitada pola dificultade de rexeneración natural da masa .
- Os rexenerados sofren en maior medida o risco de danos bióticos e abióticos.
- Ten limitacións graves en zonas montañosas, de fortes pendentes, con risco alto de erosión hídrica e edáfica.
- Impacto paisaxístico negativo.
- Risco de invasión de matorral heliófilo e aumento dos incendios.
- Modifícase o microclima e altérase a composición florística da masa accesoria en maior medida que con outros métodos.
- En relación á xestión, sempre é necesario poder aplicar a rexeneración artificial.



Cortas a feito nun tempo



Cortas a feito en dous tempos con reserva de árbores pai


Vantaxes das cortas a feito:

- Eficaz na rexeneración de masas de especies de temperamento moi robusto.
- Custo mínimo e máxima a retribución do monte (son cortas concentradas).
- Economía, sinxeleza e facilidade de control na xestión técnica.
- Prodúcense menores danos sobre o rexenerado na saca dos produtos.
- Os acotados ao pastoreo son máis pequenos e menos duradeiros.

Aplicación práctica das cortas a feito

Recoméndanse con rexeneración en monte alto (monte alto é cando máis do 80% da planta procede de rexeneración por semente) en masas de *Pinus radiata* e *Pinus pinaster* para a produción de madeira con turnos entre 25-40 anos.

Métodos de ordenación empregados



Tramo único

É un modelo práctico de xestión para masas regulares. (Masas regulares son aquelas nas que o 90% dos pés corresponden á mesma clase artificial de idade).

É aconsellable empregalo cando existe unha tendencia á distribución equilibrada das clases de idade nun balance inicial.

O cuartel non se divide en tramos e só se forma o tramo que vai entrar en destino.

A selvicultura é por rexeneración natural.

Tramo móbil

É un modelo práctico de xestión para masas regulares ou semirregulares (masas irregulares son aquelas nas que o 90% dos pés corresponden a dúas clases artificiais de idades cíclicamente contiguas)

Aconséllase cando hai desequilibrios notables no balance inicial das clases de idade. Así como en masas que presenten certa tendencia á regularidade e requiran prolongar a rexeneración dos cantóns debido a fortes restricións debidas a protección do solo e impactos paisaxísticos.

Especies do itinerario sometidas a Xestión Forestal Sostible

PINUS RADIATA - PINUS PINASTER

PINUS RADIATA

Familia: **Pináceas** (*Pinaceae*)

Altitude: 0-1.200 m.

Crecemento: rápido.

Turnos de aproveitamento: 30-40 anos.

Nomes vulgares: gal: *piñeiro de repoblación*; cast: *pino de Monterrey, pino insigne*.

O *Pinus radiata* é unha árbore perennifolia de 30-40 m de altura.

É unha especie de crecemento rápido que non supera o metro de diámetro pola baixa lonxevidade, que pode chegar a 100 anos en bosques naturais.

Ten o tronco recto, con cortiza rugosa e grosa de cor pardo roxizo. As ramas son horizontais, ascendentes, con xemas resinosas. As follas son aciculares, en grupos de 3, de 7-15 cms. de longo.

As pinas ou conos son longos (7-15 cm x 5-8 cm), en grupos de 2-5. Os estróbilos permanecen suxeitos á árbore durante moitos anos, conservando viable a semente. Ábrese só temporalmente cando fai calor forte, soltando parte dos piñóns e pechándose despois.

É unha especie sensible ao frío e as xeadas, preferindo climas suaves, litorais con abundosa humidade atmosférica.

Vexeta ben sobre solos moi variados, agás solos mal drenados e solos ultrabásicos.

Aproveitamentos

- *Madeira:* A madeira é moi homoxénea e se emprega na fabricación de mobles, caixas de embalar, taboleiros, aglomerados, palets, envases e embalaxes, pasta para papel...
- *Cortiza:* A cortiza de pino era, ata hai algúns anos, un subproduto engorroso para a industria transformadora galega. Hoxe en día emprégase na fabricación de sustratos vexetais fundamentalmente, como combustible de caldeiras; e ao mesmo tempo é un material cotizado polas empresas que xeneran enerxía a partires da combustión de biomasa.



PINUS PINASTER

Familia: **Pináceas** (*Pinaceae*)

Altitude: entre 0 e 1.500 m

Crecedemento: Rápido.

Turnos de aproveitamento: 35-40 anos.

Nomes vulgares: gal: piñeiro do país, piñeiro bravo; cast: pino resinero, pino rodeno, pino marítimo.

É unha árbore que pode acadar ata 30 m de talla, coa copa clara e porte irregular e desgarbado (dos piñeiros peninsulares é o de crecedemento máis rápido). Cortiza grosa de cor marrón roxizo irregularmente agretada. Acículas en grupos de 2, de 10-22 cm de lonxitude e 2 mm de grosor, ríxidas e algo punzantes. Pinas ovado-cónicas, simétricas, de 8-18 cm de lonxitude, máis ou menos pedunculadas e máis ou menos persistentes.

É unha especie que presenta gran resistencia en solos de escasa fertilidade e moi areosos, onde poucas especies de interese económico poden prosperar. Os solos máis favorables son os soltos e lixeiros, tolerando mal o asolagamento e as texturas pesadas.

Soporta ben a seca estacional, pero ten baixa resistencia ao frío, vento e neve.

Aproveitamentos:

O principal aproveitamento é o derivado da madeira.

A resinación foi unha práctica pouco frecuente e hoxe en día totalmente abandonada. A obtención de leñas foi e sigue sendo habitual no monte galego, pois o tamaño das piñas e a separación das escamas unha vez secas o convirten no combustible preferido.

Pero o aproveitamento complementario máis importante dende o punto de vista económico é o dos cogumelos que crecen baixo o pinar.

Entre os cogumelos de maior consumo que podemos atopar baixo eles están *Boletus edulis*, *Boletus pinicola* e *Lactarius deliciosus*.



Outras especies. Características

QUERCUS ROBUR - QUERCUS PETRAEA



Familia: **Fagáceas** (*Fagaceae*)

Altitude: 0-1.000 m (*Q. robur*) 0-1.800 (*Q. petraea*)

Crecedemento: moi lento.

Turnos de aproveitamento: 90-120 anos.

Nomes vulgares: gal: carballo; cast: roble pedunculado, roble carvallo

Q. petraea e *Q. robur* son dúas especies moi parecidas entre si e con tendencia a hibridación entre elas.

O *Q. robur* é algo máis robusto (mide ata 40 metros) que o *Q. petraea* (acada ata 35 metros).

Petraea procede da palabra latina *petraeus*, que significa «que crece entre rochas», referíndose a que o *Q. petraea* vive en sitios máis agrestes e duros co *Q. robur*.

Son especies que habitan en climas húmidos, vals e ladeiras suaves, con terreos profundos e soltos.

As follas son simples, alternas e caducas, con lóbulos profundos e o froito é unha landra.

PAUTAS DE DIFERENCIACIÓN	
<i>Quercus robur</i>	<i>Quercus petraea</i>
Follas: Cun pedúnculo curto e aurículas na base	Follas: Pedúnculo máis longo e a base en forma de cuña
Landra: Colgan dun pedúnculo longo	Landra: Pedúnculo moi curto.



Quercus robur



Polas grandes dimensións e a lonxevidade que acadan, consideráronse dende a antigüidade como árbores sagradas, e eran o centro da actividade social e cultural de multitude de vilas. Baixo os carballos realizábanse xui-zos, reunións e xuramentos.

Aproveitamentos

- **Madeira:** é de excelente calidade, escura, dura, pesada e resistente á putrefacción, mesmo dentro da auga. Por iso, empregáronse dende a antigüidade para a construción de barcos.
- **Follas e froitos:** como alimento para o gando.



Quercus petraea

CASTIÑEIRO - *Castanea sativa*

Familia: **Fagáceas** (*Fagaceae*)

Altitude: 0-1.500 m

Crecedemento: lento

Turnos de aproveitamento: 40-45 anos.

Nomes vulgares: gal: *castiñeiro*;
cast: *castaño*

O **castiñeiro** é unha árbore grande e robusta; mide entre 20 e 30 metros de altura e ten unha copa moi ampla e redondeada.

Posúe un tronco curto e bastante grosso, que pode supera-los dous metros de diámetro.



É unha especie moi lonxeva que acadada os 1.000 anos de idade. Atópase en solos soltos e profundos, en ladeiras frescas e sombrías, pero quentes no verán.

O cultivo desta árbore coñécese dende a antigüidade pola multitude de usos e aproveitamentos (as castañas constituían un alimento de primeira orde).

As follas son grandes, de forma lanceolada e co borde aserrado.

As flores son longas espigas erguidas e estreitas, de cor amarela, e os froitos, as castañas, están cubertas cunha cúpula espiñosa en forma de globo (o ourizo).

Aproveitamentos

- *Froitos* (castañas): alimento para as persoas e para os animais.
- *Madeira*: A súa madeira é semellante á do carballo, pero menos pesada e dura; emprégase para postes, estacas, fabricación de chapa, toneis, cestería e carpintería.
- *Follas e casca*: fervidas eran boas para a diarrea e as dores de gorxa.

O castiñeiro é moi apreciado no rural galego porque proporcionou tradicionalmente froito e madeira de gran utilidade. É unha das poucas especies que se cultiva dende antigo conservándose excelentes variedades de froito.

A enfermidade da tinta provocou unha importante regresión nos soutos de castiñeiros sobre todo na zona costeira. Actualmente empréganse híbridos entre o castiñeiro europeo e asiático resistentes a enfermidade.



Castanea sativa

Especies de zonas máis húmidas

BIDUEIRO - *Betula pendula*



Familia: **Betuláceas** (*Betulaceae*)

Altitude: 1.000-2.000 m.

Crecedemento: medio

Turnos de aproveitamento: 35-40 anos con boa selvicultura

Nomes vulgares: gal: *bido, bidueiro*; cast: *abedul, bedul*

O **bidueiro** é unha árbore que crece moi rápidamente e vigorosamente, acadando máis de 20 metros de altura cando as condicións son boas. As súas raíces non son moi abondosas e medran máis preto da superficie que en profundidade.

Esta especie necesitan luz, polo que non soporta vivir cuberta por outras. Baixo ela desenvólvense outras especies, como o carballo ou a faia, debido ao microclima ideal que crea pola súa alta transpiración e bombeo de nutrientes minerais cara ó solo.

Posúe unha gran capacidade de dispersión e un rápido e vigoroso crecemento, polo que coloniza con gran rapidez os terreos descubertos.

As follas son simples, alternas e colgantes, de forma triangular ou romboide, algo coriáceas, en punta e co borde aserrado.

O froito, semellante a unha noz con dúas ás, madura entre xullo e setembro.

As sementes desta árbore son os seres vivos alados máis lixeiros do mundo. Despois das glaciacións foron as primeiras árbores que cubriron a terra.



Betula pendula

Aproveitamentos

- *Madeira*: de calidade intermedia; é lixeira, branda e elástica. Emprégase para mangos de ferramentas e utensilios de pequeno tamaño.
- Proporciona moi bo combustible e tamén serve para obter pasta de papel.
- Coa saiva elabóranse viños caseiros, cervexa, tónicos, xampús e locións para o cabelo.
- *Casca*: fabricábanse canles para a auga, zocos, polainas e tecidos.
- *Follas*: en infusión, xunto cos abrollos tenros, empregábanse como diurético, anti-reumático e como remedio contra a febre.
- *Pólas*: úsanse para facer cestas e vasoiras, así como útiles de azoutar para as saunas.

FREIXO - *Fraxinus angustifolia* - *Fraxinus excelsior*

Familia: **Oleáceas** (*Oleaceae*)

Altitude: 0.1.000 m.

Crecemento: rápido

Turnos de aproveitamento : sobre os 60 anos

Nomes vulgares: galego: freixo; cast: fresno

O freixo é unha árbore de tamaño medio que adoita medir uns 15 metros de altura, aínda que en condicións axeitadas pode chegar ata os 20-25 metros. O *F. angustifolia* ocupa as zonas de clima mediterráneo, mentres que o *F. excelsior* esténdese nas zonas máis ó norte da península.

As devesas de freixo, situadas aos pés da serra, forman un ecosistema íntimamente ligado ao ser humano.

Os freixos pódanse completamente a principios de outono (setembro), operación que se chama «desmoucar», co fin de conseguir leña e alimento para o gando. É unha das árbores máis resistentes a este tipo de poda.

Atópase preto de ríos e ribeiras, fondos de val con solos frescos e capa freática próxima.



As follas son compostas e caducas. Están formadas por un número de entre 5 e 13 foliolos de forma lanceolada e co borde aserrado. Son un excelente alimento para o gando.

O froito ten unha floración precoz, a principios de primavera ou finais de inverno, antes de forma-las follas, e maduran ao final do verán.



Aproveitamentos

- *Madeira*: moi resistente, elástica e doada de traballar. Empregábase para fabricar multitude de utensilios: pértegas, mangos de ferramentas e forcas. Aínda hoxe se emprega en ebanistería para pezas curvas e artigos deportivos. Como combustible é excelente.
- *Follas*: empréganse como alimento para o gando no inverno. Teñen efectos diuréticos e antirreumáticos. As follas tenras consúmense en ensalada.

AMENEIRO - *Alnus glutinosa*

Familia: **Betuláceas** (*Betulaceae*)

Altitude: 0-1.200 m

Crecedemento: rápido

Turnos de aproveitamento: 40-60 anos

Nomes vulgares: gal: ameneiro, amieiro; cast: aliso

Alnus significa «planta que vive preto dos ríos». É unha árbore típica de zonas de ríos de montaña, regatos e lagoas, onde vive practicamente mergullado e forma verdadeiros bosques de galería, xunto a outras especies.

Acada uns 20 metros de altura media, aínda que existen exemplares de máis de 30 metros.

A copa é irregular, con pólas abertas, bastante densa e proporciona unha abundante sombra.

Posúe un sistema radical moi superficial pero abondoso. Resiste solos pobres e anegados, onde outras especies non poderían prosperar.

O papel de amieiro nos ríos é importantísimo por ser unha especie fixadora de nitróxeno atmosférico, protectora de solo e creadora de illas de vexetación.

As follas son de cor verde escura pola face e máis clara polo envés; teñen forma redondeada, elíptica, con pequenos dentes no borde e terminación escotada.

Os froitos son leñosos, ovoides, de cor parda escura, semellantes a pinas pequenas, de 10 a 30 mm de lonxitude. Maduran en outono.



Ameneiro

Aproveitamentos

- *Madeira*: cando se corta é branca e a medida que pasa o tempo tórnase de cor avermellada ou alaranxada. É lixeira e moi resistente á auga, polo que se empregou en obras hidráulicas. Actualmente a súa madeira emprégase para obtención de chapa por desenrolo ou rebanado, cepillos e ferramentas de pequena dimensión.
- *Casca*: ademáis de empregarse para curtir coiros, utilizábase como astrinxente, para as inflamacións de boca e amígdalas.

- *Follas*: acabadas de cocer e colocadas directamente na planta do pé, serven para aliviar-los pés doridos, a reuma e a ciática.

EUCALIPTO - *Eucalyptus globulus*

Familia: **Mirtáceas**

Orixen: *Australia*

Altitude: 0-400 m

Crecemento: *rápido*

Turnos de aproveitamento: 12-15 anos, para serra ata 25 anos.

Nomes vulgares: gal: *eucalipto*; cast: *eucalipto blanco*

O xénero eucaliptus é un dos recursos forestais máis empregados industrialmente no mundo, orixinario de Australia, conta cunha gran diversidade de especies, máis de 500 diferentes.

Introduciuse en Europa a mediados do século pasado a traveso de naturalistas e monxes evanxelizadores. A Galicia chegan as primeiras sementes en 1863 da máñ de Frei Rosendo Salvado, evanxelizador que as enviou a súa familia en Tui.

Aínda que inicialmente considerouse como ornamental, a súa boa adaptación e produción fixo que se estendera por toda a zona da vertente atlántica sen subir moito en altitude nin penetrar en zonas de interior, pola súa sensibilidade ás xeadas.

Árbore perenne e grande de porte recto que pode medir ata 60 metros, cunha cortiza que se desprende en tiras. Ten unha raíz pivotante que se desenvolve rapidamente e profundiza de xeito importante no primeiro ano.

As follas son de dous tipos; as das ramas novas son sésiles, ovaladas e grisáceas, alongándose e tornando coriáceas e verde azulado brillante e pecioladas nas ramas adultas.

Florece de verán a outono, e os froitos son cápsulas campaniformes de cor grisáceo e cubertas dun polvo branquecino.

Destaca pola facilidade para rebrotar de cepa e pola boa rexeneración despois do lume.

Aproveitamentos:

Madeira: Principalmente para produción de pasta celulosa, pero tamén para construción, postes, parqué, travesas de ferrocarril, etc.

Follas: Empregadas para extracción de aceites esenciais e como antisépticos contra resfriados e bronquios.



Eucalyptus globulus

Recursos ambientais

A SERRA DA CAPELADA está declarada Punto de Interés Xeolóxico de Galiza e Espazo Natural Protexido, incluído no LIC Costa Ártabra, e formando parte da Rede Natura 2000.

Trátase dunha formación xeolóxica única na que a natureza das rochas provoca a formación de solos moi ricos en minerais ferromagnesianos, o que condiciona o tipo de vexetación e a presenza de endemismos, algún deles (ex: *Centaurea borjæ*) ó borde da extinción.

O subsolo está composto por rochas e minerais de gran rareza como as eclogitas, as serpentinitas e as rochas básicas ricas en ferro.



Agua albela



Lagarta da serra

(*Falco peregrinus*), o cormorán moñudo (*Phalacrocorax aristotelis*) e a agúa albela (*Circaetus gallicus*)

Algún dos hábitats presentes son:

- Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas.
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uceiras secas europeas
- Uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.



Armeria pubigera



Centaurea borjæ



Presenza de *Centaurea borjæ*



LIC Costa Ártabra

A vexetación herbácea crece sobre rochas básicas e ultrabásicas de orixe metamórfico e magmático que alcalinizan o solo.

Atópanse uceiras, orquídeas, toxeias, centaureas, prantas de cantís como a armeria e abundan os endemismos botánicos como a *Centaurea borjæ*, o *Rumex scutatus subsp. Gallaecicus* e o *Leucanthemum corunnense*, ou a especie *Erica mackaiana*, cunha área de distribución moi reducida no mundo.

Non podemos esquecer a presenza da *Armeria pubigera* ou «herba de namorar» no emblemático Santo André de Teixido.

Nesta zona atópase a única poboación costeira coñecida da lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*). Destaca tamén a presenza de aves como o falcón peregrino

Valores patrimoniais

Dentro dos valores patrimoniais son numerosas as manifestacións en forma de ermidas, miradores, milladoiros, curros e os camiños tradicionais de San Andrés.

Na Capelada están os cantís máis altos de Europa con 613 metros sobre o mar en Vixía de Herbeira.

Milladoiros

Os «amilladoiros» ou tamén chamados «milla-doiros», son amoreamentos de pedras á beira dos camiños que os romeiros van construíndo co transcurso do tempo, ó deitar cada un deles unha pedra.

Existe unha crenza popular que di que ese costume de erguer milladoiros ten por obxecto que, no día do Xuízo, as pedras falarán e darán testemuño do cumprimento da romaría por parte do romeiro; motivo polo cal, é moi importante para os peregrinos depositar unha pedra nestes milladoiros.



Milladoiros



Rapa das bestas

Curro da Capelada

Dende o ano 1974 celébrase oficialmente a «Rapa das Bestas do Curro da Capelada» no monte da Pena Toxosa. Celébrase o domingo máis preto ao 1 de xullo.

Recóllese o gando cabalar salvaxe da zona para marcalo e córtanlle a crina. Chámaselle «curro» polo recinto pechado en que se recollen os cabalos.

Camiños tradicionais de San Andrés

O Santuario de Santo André de Teixido (tamén coñecido como «San Andrés de Lonxe» ou «San Andrés do cabo do mundo» atópase a uns 12 kms de Cedeira no medio da Serra da Capelada.

Quedan medio agachados os camiños tradicionais de San Andrés, polos que chegaban os romeiros ata o Santuario para cumprir coa promesa feita.

Lendas e historias rodean este Santuario, do que se di **«A San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo»**.



